O Servizo Municipal de Deportes do Concello de Verín programa para os próximos meses as seguintes actividades:

-

Escola de Verán: desenvolvemento de actividades deportivas e lúdicas que promoven a convivencia entre os nenos, para idades comprendidas entre os 4 e 15 anos.

-

Os horarios son de 10 a 13.30 horas (luns, mércores e venres) para grupos mixtos, e de 10 a 14 horas (martes e xoves) para grupos de fútbol-sala.

-

Os prezos para devanditas actividades, realizadas no Pavillón de Deportes e Piscinas Descubertas, son de 30 € para os socios e de 50 € para os non socios.

-

175 prazas.

-

Excursións: organizadas co fin de disfrutar do medio acuático e das atraccións.

-

Dun día de duración e para nenos de 7 a 14 anos.

-

Os prezos son de 12 € para socios e de 15 € para non socios.

-

45 prazas.

-

Aquapark de Cerceda (17 de xullo).

-

Bracalandia (5 de agosto).

-

Basket and English: cursos de baloncesto, impartidos polo xogador Willie Ladson, onde o único idioma será o inglés.

-

Martes e xoves, do 1 ó 20 de xullo e para nenos de primaria e secundaria.

-

Os prezos son de 25 € para socios e de 30 € para non socios.

-

32 prazas (2 grupos de 16 nenos).

-

Campamento XogoCoruña: durante os días 22, 23 e 24 de xullo no albergue de Santa Cristina-Oleiros, os nenos entre con idades comprendidas entre os 9 e 14 anos poderán visitar a praia, Casa das Ciencias, Domus, Aquarium ou Torre de Hércules, entre outros lugares.

-

Os prezos son de 60 € para socios e de 66 € para os non socios.

-

30 prazas.

-

Campamento LudoMadrid: durante os días 19, 20 e 21 de agosto no albergue Richard Schirrmann na Casa de Campo, para nenos entre con idades comprendidas entre os 9 e 14.

-

Os prezos son de 75 € para socios e de 82 € para os non socios.

-

30 prazas.

Ademais, entre o 11 e 15 de agosto terá lugar a *Semana de Deporte na Rúa* e o 26 de setembro a *Carreira Escolar Popular*
.

As inscricións realizaránse na Piscina Climatizada a partir do 17 de xuño.